

ANUNCIO DE LICITACIÓN

1) ENTIDADE ADXUDICATARIA:

Organismo: Concello de Ferrol

Dependencia que tramita o expediente: Unidade de Contratación

2) OBXECTO DO CONTRATO:

Descrición do obxecto: Contratación de recuperador autorizado para a recepción do papel cartón recollido no termo municipal.

Número de expediente: AV 15/39

Prazo de execución: O prazo do contrato empezará a contar dende o día seguinte ó da sinatura do correspondente contrato administrativo, e terá vixencia dun ano, consonte establece o prego de prescricións técnicas. Non obstante, se por calquera causa, no período indicado o Concello determinara outro modelo de xestión, ou integrara a prestación noutro contrato, o contrato remataría ao comezo desta prestación diferenciada.

3) TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN:

Trámite do expediente: ordinario

Procedemento: aberto cun único criterio de valoración e documentalmente simplificado.

4) TIPO DE LICITACIÓN: o prezo unitario indicaranos os licitadores nas súas ofertas expresado como unha porcentaxe (á alza ou á baixa) das cantidades que para cada mes establecen as estatísticas de prezos de papel recuperado publicadas por ASPAPEL.

5) GARANTÍA DEFINITIVA: 5% do importe de adxudicación excluído o IVE. (Consultar detalles na cláusula 20.1.I) do prego de cláusulas administrativas).

6) CLASIFICACIÓN: non se esixe.

7) OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS: consultar apartados E), L) e M) da cláusula 20.1 do prego de cláusulas administrativas.

8) CRITERIO DE VALORACIÓN: prezo de venda referenciado como porcentaxe (á alza ou á baixa) con respecto ó oficial publicado por ASPAPEL

9) OBTENCIÓN DA DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN:

Entidade: Concello de Ferrol

Dependencia: Unidade de Contratación

Enderezo: praza de Armas, s/n (15402) Ferrol

Teléfono e fax: 981944260 / 981944028

Enderezo electrónico: contratacion@ferrol.es

Perfil do contratante: www.ferrol.es (Sede electrónica- Perfil do contratante)

Data límite de obtención dos documentos e información: o último día do remate da presentación das ofertas.

Obtención dos pregos: www.ferrol.es (Sede electrónica- Perfil do contratante).

10) PRESENTACIÓN DAS OFERTAS:

Data límite de presentación de ofertas: quince (15) días naturais contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio de licitación no BOP (se o último día para a presentación de ofertas coincidise en domingo ou festivo trasladarase ó seguinte día hábil).

Documentación que hai que presentar: a sinalada na cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Ferrol en horas de 9 a 14 h (de luns a venres) e de 9 a 13 h (sábados e días non laborais para o persoal do Concello).

Entidade: Concello de Ferrol

Enderezo: Praza de Armas, s/n (15402) Ferrol

Teléfono: 981944260

Fax do Rexistro Xeral: 981944028

11) APERTURA DAS OFERTAS: celebrarase no lugar, data e hora que se sinale no perfil do contratante.

12) GASTOS DE ANUNCIOS: BOP (de balde).

Ferrol,

- 7 ABR. 2016

A concelleira de Economía, Facenda, Emprego e RRHH


Eugenia Freire Fajardo